

Narrativa galega

Identidades

Riveiro Coello recupera o personaxe de Suso Paradela e acaroa á boa sombra de Kafka na súa última novela

Os ollos de K · Antón
Riveiro Coello ·
Galaxia, 2007 · 288 páx ·
15 euros



Nunha das pasaxes centrais da súa última novela, *Os ollos de K*, Antón Riveiro Coello revela a través do protagonista o seguinte pensamento: “O meu corpo tamén se resente de todo ese terror consciente que levo sufrido nestes días vertixinosos nos que xa non sei se todo se debe á escrita dunha aventura ou, nun proceso inverso, á aventura dunha escrita”. Velaí a cuestión. ¿Chegamos dalgunha maneira a ser aquilo que cremos que somos, a substancia dos nosos propios soños, mesmo o que escribimos que somos ou, pola contra, unicamente existimos no azar do empírico cotiá?

O escritor limiao recupera nesta nova entrega narrativa un vello coñecido dos seus lectores, Suso Paradela, personaxe central de anteriores achegas como *A quinta de Saler* (1999) ou *Homónima* (2001). Engade, así, outro retallo máis a esa mesta arañeira macrotextual na que vén laborando dende hai máis dunha década e que tan bos froitos leva dado. E faino, outrosí, recuncando no que é, ao meu ver, o grande tema do conxunto da súa produción: o problema da identidade.

Certamente, as roupaxes argumentais, as derivas secundarias, os leitmotivs e aínda os motivos episódicos poden irisar en luzadas diversas. Ora, no substantivo, a procura incesante da prosa de Riveiro Coello ancora firme nesa busca devecida por explicarnos a nós mesmos, para nos recoñecer e darnos sentido.

Desta volta, amais, sérvese do recurso do metaliterario como agra fértil e propicia na que ir sementando a dúbida metódica do ser verdadeiro. Espreme a conciencia a recursividade hipodiexética e crea unha trama especular onde unha novela contén outra da que non sabemos se é real ou ficticia e que parece tecerse e destecerse ao fío dos acontecementos, poñendo á nosa vista como lectores as vísceras do proceso creativo, as estadas todas que sosteñen o oficio da escrita. Emparenta, deste xeito, con moitas outras voces de alén e aquén que, nestes últimos tempos, encartaron as súas apostas narrativas nunha reduplicación en mitose que entronizou argumentalmente os libros que falan sobre libros. A familia é, xaora, longa e moitos serían os nomes a lembrar, dende a excelencia de Vila Matas á chambonería de Ruiz Zafón, pasan-



Antón Riveiro Coello // Arquivo

do polos entretementos de Cornelia Funke, E. Noble, Bernhard Schlink, Lawrence Norfolk, Stuart Kelly e compañía ou os ensaios que entre nós se deron –no Alcalá máis tertuliano, poño por caso, ou, hai nada, na case perfecta Marina Mayoral–.

Fronte a todos eles, Riveiro Coello ofrece nesta súa novela unha atractiva mestizaxe subxenérica, que fai destas páxinas unha vertixinosa historia de intriga paradedetectivesca na que os grandes do xénero que na propia obra comparecen complicemente citados –Dashiell Hammett, Agatha Christie, Simenon ou, máis preto de nós, Camilleri– se sentirían ben representados, pois se algo non se lle pode negar ao limego é a súa capacidade inesgotable para recrear aventuras sorprendentes nas que todo se ensarilla inaudita e deliciosamente.

Se a isto engadimos a habelencia na padriñaxe, a sabenza que o autor demostra acaroadando á boa sombra kafkiana, temos unha outra razón para rendernos á súa invención. En efecto, *Der Prozess* e o seu Josef K. están na matriz mesma desta *Os ollos de K*, en moitos sentidos homénaxe sentida, noutros lectura reinterpretativa, mesmo en ocasións reescrita a contraíño, pero sempre,

en todo caso, materia narrativa en diálogo co autor de Praga, cidade á que, por certo, viaxa o protagonista da novela de Riveiro Coello, tendendo unha ponte sentimental entre o vigor da pedra do seu Ourense natalicio e o abraio arquitectónico da cidade europea. Porque Suso Paradela, cómpre non esquecerlo, desangra nun sentimento telúrico que leva a cidade das Burgas por bandeira.

Todo o anterior aparece cifrado nun símbolo poderoso e de longa tradición literaria: os ollos, a visión das almas e dos seres, que aquí se converte nun festival de citas explícitas e implícitas que van dende o bíblico ata o literario actual, pasando polo cinematográfico e o artístico en xeral.

Os ollos de K resulta, por tanto, un funambulesco equilibrio entre realidade empírica e ficción literaria, trezado na recursividade macrotextual e nunha dosificada amálgama entre limpidez estético-expresiva e pirotecnia metafórico-simbólica, todo apreixado cunha intriga progresiva, repregada sobre si e alicerzada nun sólido edificio caracterolóxico dos personaxes que engasta habilmente co melloriño da tradición narrativa paneuropea.

// Armando Requeixo

Riveiro Coello: memoria e fantasía

Delfín Caseiro

Os personaxes e as vivencias que recrean os relatos de *Casas Baratas* (Galaxia, 2005) son os da periferia de Xinzo da Limia (Ourense), a patria pequena de Antón Riveiro Coello, onde naceu en 1964 e onde había volver co seu fascinante poemario *Limaiaé* (CCP do Limia, 2005), memoria poética, épico-lírica, do universo campestre limiao. *Valquiria* (Novo Século, 1994), Premio Camilo José Cela, foi a súa primeira incursión no ámbito da novela, e *A historia de Chicho Antela* (Espiral Maior, 1997) a que inaugurou a súa afección polo xogo da dualidade: dúas historias, dous espazos, dous tempos. Con todo, había ser *A quinta de Saler* (Galaxia, 1999), finalista do Torrente Ballester, espléndido contributo á restauración da memoria do case mítico Couto Mixto –novela sobre a novela, segundo Dolores Vilavedra–, a que o consagraría definitivamente como un grande narrador.

Máis tarde, Riveiro Coello reelaboraría diversos mitos do imaxinario colectivo da chaira limiá en *Animalia* (Galaxia, 1999) e concitaría as gabanzas de lectores e crítica con *As rulas de Bakunin* (Galaxia, 2000), unha novela fascinante sobre o movemento anarquista coruñés nun rexistro ben distinto do de *Homónima* (Galaxia, 2001), situada nun escenario exótico (México) e dominada pola fantasía e o misterio. O seu traslado a Boiro propiciaría un compromiso con este novo territorio: *Cartafol do Barbanza* (ANT, 2002) responde á fidelidade á terra e a emotiva *A esfínxe de amaranto* (Galaxia, 2003) viaxa do Barbanza á Limia, do alzheimer ao abandono do mundo rural. *A voz do lago* (Galaxia), inspirada na vida da poetisa María Mariño, e *Os ollos de K* (Galaxia), novela de intriga que une Praga e Ourense, son as súas últimas entregas, as dúas de 2007.

Traballador infatigábel, Riveiro Coello é recoñecido xa como un dos nosos máis interesantes narradores. Tal recoñecemento gañouno grazas ao seu talento para contar historias nas que combina con mestría realidade –memoria propia e allea– e fantasía –individual e colectiva– a partir dun coidadísimo deseño estrutural, expresado en fermosa palabra literaria, excelente adxectivación e abondosas e suxestivas metáforas. O libro como elemento emblemático, símbolo de liberación, está presente en boa parte da súa produción. É o poder liberador da palabra, da obra literaria, da cultura, do saber, da ilustración.